

## CERTIFICACIÓN

Adrián J. Marquez Caramés, secretario do Consorcio As Mariñas, **CERTIFICO que o pleno do Consorcio As Mariñas en sesión extraordinaria do 30.10.2023** aprobou o acordo que deseguido transcribo:

## 2. APROBACIÓN SE PROCEDE DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE LIXOS E RESIDUOS URBANOS DO CONSORCIO AS MARIÑAS

En relación co expediente núm 2023/G016/000001 e en base a proposta da Xerencia, e posterior informe técnico económico de modificación da ordenanza pola prestación do servizo de recollida, transporte, tratamento e eliminación de lixos e residuos urbanos do Consorcio As Mariñas de data 10/10/23, emítase o seguinte informe-proposta de aprobación, de conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, con base aos seguintes,

### ANTECEDENTES

**PRIMEIRO.** Con data 10/10/23, a Xerencia do Consorcio presentou proposta na que argumentaba a necesidade de tramitar o procedemento para a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación do servizo de recollida, transporte, tratamento e eliminación de lixos e residuos urbanos do Consorcio As Mariñas, no suposto de prestación de servizos públicos de competencia local que se refiran, afecten ou beneficien de modo particular aos suxeitos pasivos.

**SEGUNDO.** Con data 10/10/23 emitiuse informe técnico económico no que se puxo de manifesto a previsible cobertura do custo.

**TERCEIRO.** Con data 10/10/23, emitiuse informe xurídico en exercicio da función de asesoramento legal preceptivo comprobándose a viabilidade e legalidade do proxecto proposto de acordo coa normativa que resulta de aplicación, así como coas regras

internas, que, no seu caso, teña aprobadas a Entidade nos seus regulamentos orgánicos.

## **LEXISLACIÓN APLICABLE**

**PRIMEIRO.** A lexislación aplicables é a seguinte:

- Os artigos 15 ao 21 e 24 e 25 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Os artigos 22.2.d), 47.1, 106 e 107 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- O artigo 6 da Lei 8/1989, de 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos.

**SEGUNDO.** A doutrina aplicable é a seguinte:

- Sentenza do Tribunal Supremo de 15/1/1998 (RJ 1998/791)
- Sentenzas do Tribunal Constitucional 185/1995 e 233/1999
- Sentenza do Tribunal Supremo de 10/05/2012 e 27/11/2012

Á vista dos anteriores antecedentes, tendo en conta a normativa de aplicación e no seu caso a doutrina expostas, considérase que o expediente se está tramitando conforme á lexislación aplicable procedendo a súa aprobación polo Pleno de conformidade co artigo 22.2.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. É polo que, quen subscribe emite o seguinte:

## **INFORME-PROPOSTA DE RESOLUCIÓN**

**PRIMEIRO.** Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida, transporte, tratamento e eliminación de lixos e residuos urbanos do Consorcio As Mariñas pola realización de actividades administrativas de competencia local que se refiran, afecten ou beneficien de modo particular aos suxeitos pasivos, coa modificación do artigo 4º apartado primeiro, no relativo ás tarifas, incrementando os importes existentes nun 35%, sendo o importe resultante divisible por trimestres, do seguinte xeito:

**Artigo 4.º .-Tarifas.**

**4.1. Tarifas**

	<b>TARIFA ACTUAL €/ANO</b>	<b>TARIFA PROPOSTA €/ANO</b>
<b>1. Vivendas</b>		
1.1. Recollida	125,84 €	169,88 €
<b>2. Cafeterías</b>		
2.1. Ata 75 m2	262,44 €	354,28 €
2.2. De 76 m2 a 150 m2	308,08 €	415,92 €
2.3. Máis de 150 m2	410,76 €	554,52 €
<b>3. Bares, tabernas, mesóns e análogos</b>		
3.1. Ata 75 m2	184,36 €	248,88 €
3.2. De 76 m2 a 150 m2	213,32 €	288,00 €
3.3. Máis de 150 m2	302,80 €	408,80 €
<b>4. Restaurantes</b>		
4.1. Ata 150 m2	513,48 €	693,20 €
4.2. De 151 m2 a 300 m2	770,20 €	1.039,76 €
4.3. De 301 m2 a 500 m2	924,20 €	1.247,68 €
4.4. Máis de 500 m2	1.283,64 €	1.732,92 €
4.5. Por cada colector do lixo	741,68 €	1.001,28 €
<b>5. Supermercados e asimilados</b>		
5.1. Ata 150 m2	355,44 €	479,84 €
5.2. De 151 m2 a 300 m2	770,16 €	1.039,72 €
5.3. De 301 m2 a 500 m2	1.421,84 €	1.919,48 €
5.4. Máis de 500 m2	1.777,28 €	2.399,32 €
5.5. Por cada colector do lixo	741,68 €	1.001,28 €
<b>6. Tendas, ultramarinos, comercio en xeral, e outros servizos non expresamente tarifados</b>		
6.1. Ata 75 m2	201,92 €	272,60 €
6.2. De 76 m2 a 150 m2	252,32 €	340,64 €
6.3. De 151 m2 a 300 m2	302,76 €	408,72 €

6.4. Máis de 300 m2	403,72 €	545,04 €
6.5. Por cada colector do lixo	741,68 €	1.001,28 €
<b>7. Whisquerías e clubs</b>		
	1.348,04 €	1.819,84 €
<b>8. Discotecas, pubs, salóns de baile, cines e similares</b>		
8.1. Ata 100 m2	521,32 €	703,80 €
8.2. De 101 m2 a 300 m2	568,72 €	767,76 €
8.3. Máis de 300 m2	663,52 €	895,76 €
<b>9.1. Hoteis, hostais e moteis (por habitación)</b>		
	19,80 €	26,72 €
<b>9.2. Casas de hospedaxe e establecementos análogos (por habitación)</b>		
	14,48 €	19,56 €
<b>10. Despachos profesionais, Entidades financeiras e Entidades aseguradoras</b>		
10.1. Ata 30 m2	156,40 €	211,16 €
10.2. De 31 m2 a 100 m2	243,32 €	328,48 €
10.3. De 101 m2 a 200 m2	278,08 €	375,40 €
10.4. De 201 m2 a 300 m2	337,96 €	456,24 €
10.5. Mais de 300 m2	539,00 €	727,64 €
<b>11. Farmacias, parafarmacias e similares</b>		
	304,08 €	410,52 €
<b>12. Almacéns</b>		
12.1. Ata 30 m2	125,84 €	169,88 €
12.2. De 31 m2 a 100 m2	231,42 €	312,40 €
12.3. De 101 ata 200 m2	308,96 €	417,08 €
12.4. De 201 m2 a 400 m2	347,56 €	469,20 €
12.5. De 401 m2 a 1000 m2	415,16 €	560,48 €
12.6. De 1001 m2 a 5000 m2	936,48 €	1.264,24 €
12.7. Máis de 5000 m2	1.255,00 €	1.694,24 €
12.8. Por cada colector do lixo	674,00 €	909,92 €
<b>13. Industrias, fábricas, talleres</b>		

13.1. Ata 30 m2	125,84 €	169,88 €
13.2. De 31 m2 a 100 m2	243,32 €	328,48 €
13.3. De 101 ata 200 m2	386,16 €	521,32 €
13.4. De 201 m2 a 400 m2	434,48 €	586,56 €
13.5. De 401 m2 a 1000 m2	521,32 €	703,80 €
13.6. De 1001 m2 a 5000 m2	936,48 €	1.264,24 €
13.7. Máis de 5000 m2	1.544,72 €	2.085,36 €
13.8. Por cada colector do lixo	674,00 €	909,92 €
<b>14. Vendedores ambulantes e quioscos na vía pública</b>		
	125,84 €	169,88 €
<b>15. Hospitais, Clínicas, Xeriátricos Residencias, Centros de Día e Consultas</b>		
15.1. Ata 30 m2	148,75 €	200,80 €
15.2. De 31 m2 a 100 m2	231,42 €	312,40 €
15.3. De 101 m2 a 200 m2	469,20 €	633,44 €
15.4. Máis de 200 m2 e ata 15 camas	642,52 €	867,40 €
15.5. Máis de 200 m2 e máis de 16 camas	642,52 € + 15,84 € cama	867,40 € + 21,40 € cama
<b>16. Centros de ensino</b>		
16.1. Ata 100 m2 (Academias)	159,28 €	215,04 €
16.2. De 101 m2 a 300 m2	477,80 €	645,04 €
16.3. De 301 m2 a 1000 m2	597,16 €	806,16 €
16.4. Máis de 1000 m2	1.194,36 €	1.612,40 €
<b>17. Outros non clasificados</b>		
17.1. Gasolineiras	770,20 €	1.039,76 €
17.2. Tanatorios	711,00 €	959,84 €
17.3. Matadoiros:		
17.3.1. Ata 300 m2	434,48 €	586,56 €
17.3.2. Máis de 300 m2	651,72 €	879,84 €
17.4. Campamentos (por parcela)	17,36 €	23,44 €
17.4.1. Se ademais ten hotel (por habitación)	20,28 €	27,36 €
17.4.2. Se ademais ten restaurante ata 150 m <sup>2</sup>	513,48 €	693,20 €

17.4.3. Se ademais ten restaurante de 151 m <sup>2</sup> a 300 m <sup>2</sup>	770,20 €	1.039,76 €
17.4.4. Se ademais ten restaurante de 301 m <sup>2</sup> a 500 m <sup>2</sup>	924,20 €	1.247,68 €
17.4.5. Se ademais ten restaurante de máis de 500 m <sup>2</sup>	1.283,64 €	1.732,92 €
17.4.6. Se ademais ten restaurante por cada colector de lixo	741,68 €	1.001,28 €
17.5. Aparcadoiros e garaxes de uso público	434,48 €	586,56 €
17.6. Outros non clasificados	125,84 €	169,88 €
17.7. Portos, aeroportos	1.684,96 €	2.274,68 €
17.8. Servizos de xardíns. Podas	198,96 €	268,60 €
<b>18. Clubs deportivos e sociais.</b>		
18.1. Ata 500 m <sup>2</sup>	134,80 €	182,00 €
18.2. De 501 m <sup>2</sup> a 1000 m <sup>2</sup>	674,00 €	909,92 €
18.3. Máis de 1001 m <sup>2</sup>	1.684,96 €	2.274,68 €
<b>19. Mercados municipais</b>		
19.1. Ata 75 m2	201,92 €	272,60 €
19.2. De 76 m2 a 150 m2	252,32 €	340,64 €
19.3. De 151 m2 a 300 m2	302,76 €	408,72 €
19.4. Máis de 300 m2	403,72 €	545,04 €
19.5. Por cada colector do lixo	741,68 €	1.001,28 €

**SEGUNDO.** Expor ao público o anterior Acordo mediante anuncio que se inserirá no taboleiro de anuncios do Consorcio durante o prazo de trinta días hábiles, a contar desde o seguinte ao de publicación do devandito anuncio no *Boletín Oficial da Provincia*, dentro do cal os interesados poderán examinar o expediente e presentar as alegacións que estimen oportunas.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica desta entidade <https://sede.consortioam.org/sxc/gl/>

**TERCEIRO.** Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do

Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

**CUARTO.** Facultar á Presidencia para subscribir os documentos relacionados con este asunto.

No entanto, a Corporación acordará o que estime pertinente.

[...]

Non habendo mais debate, pásase á votación co seguinte resultado:

**Votos a favor:** 8 (José Antonio Santiso Miramontes, Alejandra Pérez Máquez, Andrés Teijo Hermida, Óscar Alfonso García Patiño, José Ramón Rioboo Castro, Javier Gestal Pose, María José Varela Neira, Óscar Benito Portela Fernández)

**Abstencións:** 0

**Votos en contra:** 0

Polo que o Pleno do Consorcio acorda aprobar a proposta por unanimidade.

-----  
E para que conste, asino o presente certificado co visto e praxe do alcalde, coas limitacións do establecido no artigo 206 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento, organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, co visto e praxe do alcalde.

Consortio As Mariñas, martes 31 de outubro de 2023

O secretario,

Adrián J. Marquez Caramés

Vº e praxe

O Presidente

José Antonio Santiso Miramontes